


# COMENTARIO PLANO URBANO BARCELONA



Barcelona, como aquelas cidades cunha longa historia, presenta un espazo complexo no que poden distinguirse diversas áreas correspondentes ás diferentes etapas do desenvolvemento urbano: o casco antigo, o ensanche de mediados do XIX e primeiro terzo do XX, e a periferia.

## 1. O casco antigo

### a) Emprazamento e situación.

O seu emprazamento ó lado do mar fixo que os romanos fundaran a cidade entre os ríos Llobregat e Besós, por riba dun asentamento íbero, como asentamento de acceso para a conquista peninsular. A súa función principal era defensiva, pero a partir do século II a cidade coñeceu unha época de esplendor e comezou a súa función comercial. A súa situación como capital de Cataluña, unha das rexións máis desenvolvidas do país, e o seu tamaño (segunda poboación tras Madrid), fai que a súa influencia sexa suprarrexional, articulando todo o eixe Mediterráneo, un dos máis importantes do país. Isto provoca que as súas funcións sexan moi específicas e especializadas.

### b) Análise do plano

O plano é anárquico, propio da cidade medieval, que se correspondería co actual recinto histórico de Barcelona, propio dunha cidade non planificada. As súas rúas son estreitas, curtas e retorcidas, propias dun crecemento orgánico. Pouco queda do plano ortogonal creado polos romanos na súa fundación.

Dende entón, as principais transformacións do casco histórico foron:

- O acondicionamento e ampliación do paseo das Ramblas, a finais do século XVIII, configurándose como a rúa máis ancha da cidade. Isto provocou o derribo de parte da muralla da cidade.
- A creación da Vía Layetana en 1907, que une o porto co ensanche. É o exemplo máis claro de aperturas de grandes vías nos cascos históricos na época industrial, derribando edificios anteriores e terciarizando o centro da cidade; agora é unha das rúas máis importantes da cidade.

### c) Análise da trama

É pechada e compacta, especialmente no barrio gótico, debido a que o crecemento da cidade localizouse durante séculos no espazo intramuros. O espazo público é moi limitado.

### d) Análise da edificación

Non se ve no plano, pero podemos dicir que, nos seus inicios era de baixa altura, e progresivamente experimentou verticalización. Nel localízanse algúns dos edificios históricos máis importantes (Catedral, barrio gótico...).

### e) Análise dos usos do solo

Os usos do solo tradicionais eran residenciais, comerciais e artesanais, sen ningunha zonificación. Estes usos evolucionaron cara a unha terciarización, onde o uso residencial perde importancia debido á falta de accesibilidade e ós altos prezos do solo. A función turística tamén é importante, polo que moitos usos están relacionados coa mesma (restaurantes, bares, hoteis...).

### f) Problemas actuais que afectan ó casco antigo e posibles solución.

Como noutras cidades, os principais problemas do casco antigo son o deterioro físico de rúas e casas, o que da lugar a un deterioro social que provoca o envellecemento da poboación, un baleiramento do centro (dende 1974 a 1994 perdeu un 40% da súa poboación) e a localización das clases marxinais no centro, especialmente inmigrantes. Isto provoca un deterioro ambiental que prexudica a imaxe da cidade. Estes feitos, unidos á terciarización do solo que provoca un baleiramento do centro fora de horas comerciais, provocaron políticas actuais de rehabilitación física e social do centro. En Barcelona estas políticas comezaron a finais dos anos 80 a través de medidas como a rehabilitación de edificios, a creación de espazos verdes e o fomento do uso residencial.

## 2. O ensanche

### a) Causas que determinan o ensanche urbano

O crecemento da poboación e da cidade dentro dun recinto amurallado era algo insostible para Barcelona, que no século XIX se asentou como a segunda cidade do país. Ademais, a insalubridade e os usos do solo non compatibles co residencial (camposantos e fábricas) fixeron que a mortalidade se disparara no século XIX, especialmente entre as clases máis pobres. Por iso, a burguesía viu necesaria a edificación dunha nova cidade fóra do límite establecido (o que será o “ensanche”), moito máis ordenada e hixiénica que a cidade central, e fíxose necesario para iso o derribo das murallas, que se levou a cabo no 1854.

### b) Diferentes áreas que se poden distinguir

O ensanche de Barcelona, ideado por Ildefonso Cerdá, é o máis grande e perfecto desenvolvemento planificado que se fixo en España, servindo de modelo a outras cidades españolas como Madrid, Palma de Mallorca ou San Sebastián.

Realizado a finais do século XIX, destaca polo seu plano ortogonal, as amplas mazás achafanadas (que melloraban a visión do tráfico), as anchas rúas (que facilitan o tráfico) e as súas dimensións moi superiores ás da cidade histórica (que fan que sexa moito máis saudable). O plano ortogonal rómpese coa apertura de dúas rúas diagonais, a Diagonal e a Meridiana, que facilitan os desprazamentos a un e outro lado. Todo o ensanche se localiza ó oeste e ó norte da cidade antiga.

Cerdá deseñou o ensanche cunha trama aberta, con grandes espazos verdes no interior das mazás, respondendo ós preceptos hixienistas do seu proxecto, que respondían a ideas que viñan xa dos “socialistas utópicos”. Iso, xunto coa edificación pouco elevada, daba unha densidade de poboación moi inferior á do centro da cidade. Sen embargo, a especulación e os altos prezos do solo na zona, consecuencia do incremento de poboación da cidade co paso do tempo, provocou unha densificación, co que hoxe temos unha tipoloxía de mazá pechada, con edificios máis altos, sen zonas verdes centrais e con menos zona verde en xeral.

Na actualidade, os ensanches soen conter os CBD das grandes cidades, é dicir, os distritos de negocios onde se localizan as sedes das máis importantes empresas, bancos e administración da cidade. Este ensanche ten, ademais da función de CBD e a residencial, a turística, xa que se localizan nel importantes monumentos modernistas (a Sagrada Familia, as casas Batlló e Milá de Gaudí, a praza de toros Monumental...).

## 3. A periferia

### a) Causas do crecemento da periferia urbana

Dende 1950, Barcelona experimentou un gran crecemento demográfico debido ó baby boom e ó éxodo rural. Este crecemento foi paralelo ó crecemento da cidade ata uns límites difusos, onde a cidade e o campo se confunden, dando lugar ás áreas periurbanas e suburbanas que aparecen no mapa fóra do ensanche urbano, ocupando unha extensión moito maior á que ocupa o mapa. Esta tendencia agravouse agora debido á desurbanización, onde a xente busca a periferia para vivir despoboando o centro.

### b) Diferenciación de áreas na periferia

A periferia de Barcelona comeza onde acaba o ensanche de Cerdá, e a súa función é residencial na súa maior parte. Así, a finais do século XIX comezaron as anexións dos municipios que tiñan unha continuación física co ensanche, como Horta, Gracia ou Sarriá, principalmente ó oeste da cidade. O encaixamento da cidade entre o mar e a cordilleira Costeiro-Catalá non permitiu unha gran expansión posterior dentro do espazo urbano da cidade, senón que se expandiu seguindo a liña da costa ata municipios próximos como Badalona ou Hospitalet de Llobregat.

Todas estas zonas presentan un plano máis irregular que o ensanche, aínda que algunhas zonas mantiveron o plano ortogonal (barrio de Gracia).

En canto á edificación, varían entre a VPO do réxime franquista, normalmente de trama aberta, ó predominio da edificación privada dende os 80, tamén de trama aberta, aínda que con maior dotación de servizos e espazos verdes. Nos últimos anos tamén xurdiron barrios de vivendas unifamiliares, que se localizan nas zonas da serra ó oeste da cidade.

Xunto ás áreas residenciais, localízanse tamén fóra do ensanche as áreas industriais máis importantes. A zona franca, localizada ó sur da cidade entre o porto e a Ronda do Litoral, é unha gran zona industrial creada en torno á actividade do porto, un dos máis importantes do Mediterráneo, e ocupan unha extensión moi superior ó casco antigo. Ademais, na periferia soen aparecer outros usos do solo que necesitan moito espazo, como os grandes centros comerciais ou de transporte, como os aeroportos. O aeroporto de El Prat localízase ó sur da cidade.

En xeral, os usos urbanos das periferias tenden á zonificación, a diferenza do centro urbano, non encontrándonos usos mesturados.

### c) Problemas actuais destas zonas e posibles solucións

Algunhas destas zonas periféricas sofren problemas de degradación como chabolismo ou deterioro dos barrios obreiros máis antigos, construídos na súa maior parte cunha dotación insuficiente de servizos, para aloxar á gran masa de poboación que emigrou a Barcelona nos 50 e 60. Para iso, estanse levando a cabo programas de actuación que permiten erradicar eses problemas.